



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4 DE XULLO DE 2022

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00034532V.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria – urxente de data 13 de xuño de 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 15 de xuño de 2022.
- Ordinaria de data 20 de xuño de 2022.
- Extraordinaria – urxente de data 21 de xuño de 2022.
- Extraordinaria -urxente de data 22 de xuño de 2022.
- Ordinaria de data 27 de xuño de 2022.

### 2. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00034663X.

Aprobación inicial do cambio de sistema de actuación no polígono do solo urbano consolidado núm. 40 (P.40). A Rocha, substituíndo o de cooperación polo de concerto.

Acórdase:

a) Aprobar inicialmente o cambio de sistema de actuación no polígono de solo urbano consolidado nº 40 (P.40 A Rocha), substituíndo o de cooperación polo de concerto, a iniciativa da mercantil PROMOCIONES ROX 98 S.L, propietaria única dos terreos afectados (finca rexistral 27841)

b) En aplicación do procedemento regulado no artigo 285.3 do Regulamento da lei do solo de Galicia, o expediente someterase a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios afectados e publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

### 3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00022321L.

Aprobación do expediente denominado “Obras de reacondicionamento da Plataforma da Marquesiña de Xoán XXIII” e aprobación do gasto correspondente.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado “Obras de reacondicionamento da Plataforma da Marquesiña de Xoán XXIII” de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, establecéndose gasto total de 216.768,97 euros (base imponible de 179.147,91 euros e IVE do 21% por importe de 37.621,06 euros)

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (Código de proxecto 2021 2 XOANX 15)

### 4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00009789R.

Autorización da devolución da fianza constituída pola empresa, SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SL, para responder do contrato de “Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela, Lote I: Santiago–Oeste.” CON/9/2017.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SL, CIF: B48758890, por importe de 104.270,10 euros (Avalista: BANKIA. CIF.- A-14010342) para responder do contrato de “Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela, Lote I: Santiago–Oeste.” . CON/9/2017

**5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00009807L.**

Autorización da devolución da fianza constituída pola empresa, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA., para responder do contrato de “Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela, Lote I: Santiago–Este.” CON/9/2017.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA., por importe de 96.741,15 euros para responder do contrato de “Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela, Lote II: Santiago–Este.” . CON/9/2017

**6. CONTRATACIÓN. Referencia: II Plan de Contratación.**

Aprobación do II Plan de Contratación do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o II Plan de Contratación do Concello de Santiago de Compostela.

Segundo: Publicar o II Plan do Contratación no perfil do contratante do Concello, sito na Plataforma de Contratación do Estado e no Portal de Transparencia da web municipal.

Terceiro: Encomendar á dirección de área de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan, a súa implementación e seguimento, baixo á dirección da concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local.

Cuarto: Publicado o II Plan de Contratación, para que o Servizo de Contratación poida atender propostas de prolongación de servizos de trato sucesivo que finalizasen a súa vixencia, incluídas as súas prórrogas, sen un novo contrato que as suceda, será necesario informe motivado que deberá estar asinado pola persoa titular da Dirección de Área, ou Servizo no seu caso, e pola concelleira ou concelleiro respectivo. Nese informe se sinalarán as causas polas que, maila planificación previa non se puido contratar, sen solución de continuidade o novo contrato. Exceptúanse os supostos derivados de acontecementos imprevisíbeis que sinala o último parágrafo do artigo 29.4 da LCSP.

**7. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/93.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre decembro do ano 2021 e marzo de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL CATROCIENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (2.469,16 €), segundo relación contable de facturas S/2022/93 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2022/1043 por importe de 1.774,16 euros emitida por Naturgy Iberia, S.A. e remata pola núm. F/2022/1344 emitida por Ulla Oil, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**8. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora**

**S/2022/116 e F/2022/2367.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por ISS Facility Services, S.A. con CIF núm. A61895371 en concepto de servizo de limpeza ordinaria dos edificios e dependencias municipais correspondente aos meses de marzo, abril e maio do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL SEISCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (254.678,94 €), relación contable de facturas S/2022/116 e factura F/2022/2367 que se achegan no expediente, e correspondentes aos meses de marzo, abril e maio de 2022 respectivamente, emitidas pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A."

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**9. EDUCACIÓN. Referencia: S/2022/110 EIM FEBREIRO, MARZO E ABRIL 2022.**

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por "Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA)" con CIF núm. A28781151 en concepto de relación de seis (6) facturas polo servizo de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondentes ao período de febreiro, marzo e abril de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO NOVENTA E SETE MIL TRESCIENTOS SESENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (197.363,37 €), segundo a relación contable S/2022/110 que comeza pola número F/2022/982 por importe de 33.389,52 euros e finaliza pola número F/2022/1941 por importe de 32.398,27 euros, en concepto de relación de seis (6) facturas polo servizo de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondente ao período de febreiro, marzo e abril de 2022, e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**10. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00034414Z.**

Reintegro do anticipo correspondente á subvención destinada a cofinanciamento da contratación dun axente local de innovación para concellos das cidades membros da rede impulso, regulada no Real decreto 1080/2021, do 7 de decembro.

Acórdase a aprobación da tramitación do reintegro da axuda e dos xuros de demora que procedan, ao abeiro da convocatoria de concesión directa de subvencións destinadas ao cofinanciamento da contratación de axentes locais de innovación por parte dos concellos das cidades membros da Rede Innpulso, reguladas no Real Decreto 1080/2021, do 7 de decembro, por un importe de 34.957,50.

**11. DEPORTES. Referencia: 2022/00034476F.**

Cesión provisional do uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e do campo de adestramento San Lázaro II a favor da S.D. Compostela durante a tempada 2022/23.

Autorízase provisionalmente para a tempada 2022/23 (do 11 de xullo de 2022 ao 15 de xuño de 2023) á Sociedade Deportiva Compostela o uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II, así como o resto de peticións que se recollen no seu escrito, todas elas condicionadas á aplicación das normas sectorias que sexan de aplicación e aos criterios de uso

específicos que se determinen polo Departamento de Deportes, para que poida iniciar a actividade deportiva e de competición do seu equipo de 2ª categoría RFEF, podéndose ampliar excepcionalmente e previa autorización do Departamento de Deportes ao equipo xuvenil división de honra, se se dan circunstancias que o xustifiquen.

A cesión definitiva de uso destes recintos para a tempada 2022/23, quedará supeditada á existencia dun posterior acordo no que regule o custo e demais consideracións que procedan en base ao que se determine a nivel municipal no momento da aprobación dunha nova ordenanza en materia deportiva na que se deberá ter en conta o complexo na súa globalidade.

#### **12. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022-CREXT-11.**

Aprobación do proxecto de expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-11 por importe de 603.436,46 euros, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2021; levantamentos de reparo de competencia plenaria e recoñecemento extraxudicial de crédito para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.

Adóptanse os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Dispor de SEISCENTOS TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS EUROS, CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (603.436,46 EUROS) do saldo reservado na actualidade do RLTX 2021 por importe de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS DEZANOVE EUROS, CON DEZASETE CÉNTIMOS DE EURO (2.574.719,17 EUROS) cuxo acordo se tomou ao abeiro do expediente 2022-CREXT-03 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes, importe que xa foi minorado con motivo da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.427,86 euros.

SEGUNDO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-11 para atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2021 correspondentes ao Concello de Santiago de Compostela, por importe de SEISCENTOS TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS EUROS, CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (603.436,46 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

#### **13. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00025967P.**

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela (Programa de Saúde Bucodental para persoas con risco de exclusión social).

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Universidade de Santiago de Compostela con pola contía de 10.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800023, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

#### **14. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021144L.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española para o ano 2021.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de agosto de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €), con

cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800015 con Nº de Referencia: 22021007134 e 22021007135 e Nº de Operación: 220210035964 (16/05/2022) recollida no orzamento xeral para o ano 2022.

**15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021123K.**

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga pola contía correspondente .

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cento dezaioito mil cincocentos corenta e sete euros con noventa e cinco céntimos de euro (118.547,95 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800012 con nº de operación 220210017410 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022.

**16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00016959Q.**

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Social-Cultural Juan XXIII de Santiago de data 27/06/2022 para o financiamento do Programa: “Mantemento dos Servizos do Albergue Xoan XXIII”. Tómasse coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Social-Cultural Juan XXIII de Santiago de data 27/06/2022 para o financiamento do Programa: “Mantemento dos Servizos do Albergue Xoan XXIII”.

**17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017574X.**

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa Cocaína”.

Tómasse coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa Cocaína”

**18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017366D.**

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa para garantir as necesidades de manutención básicas a persoas sen recursos do ano 2022 da Cocina Económica de Santiago”.

Tómasse coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa para garantir as necesidades de manutención básica a persoas sen recursos do ano 2022 da Cocina Económica de Santiago”.

**19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018761R.**

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa Atención Primaria-Interparroquial Santiago” e o “Programa de vivendas de transición á autonomía. ALARES”.

Tómasse coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa Atención Primaria-Interparroquial Santiago” e o “Programa de vivendas de transición á autonomía. ALARES”.

**20. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00020907P.**

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa de acompañamento a mulleres en contextos de prostitución”.  
Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa de acompañamento a mulleres en contextos de prostitución”

**21. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00019745L.**

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa de actividades de ocio e tempo libre Verán CampUSC 2022”.  
Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. de data 27/06/2022 para o financiamento do “Programa de actividades de ocio e tempo libre Verán CampUSC 2022”

**22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00034537E.**

Dación de conta da Sentenza PA 91/2022 CA1 Lugo.

Resolución: Sentenza Nº121/2022

Procedemento: PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000091 /2022

Xulgado: Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo

Obxecto: Sanción Tráfico

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

Estimación parcial: anúlase a resolución sancionadora orixinal – que impoñía multa de 300 euros e perda de dous puntos do permiso de conducir -, no seguinte sentido: o importe da sanción correspondente ao feito infractor é de 100 euros e condea á administración á devolución á demandante, no caso de que xa procedese ao pago, o exceso do importe abonado (exceso de 200 euros) cos intereses legais a computar desde a data do seu eventual pago.

Así mesmo, declara que o feito infractor non conleva a perda de puntos da autorización administrativa para conducir, e impón ao Concello as custas procesuais por importe de 200 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos da súa execución.

**23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00034559K.**

Dación de conta da Sentenza recaída no RC 6375/2018 TS.

Sentenza nº 717/2022

RC 6375/2018 TS, CI 15286/2018 TSX, PO 025/2016 CA2

Demandante: ORANGE ESPAGNE S.A.

Obxecto: taxa por utilización privativa/aproveitamento especial do dominio público para servizos de telefonía fixa.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería para o seu coñecemento e trámites que procedan.

**24. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00034532V.**

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.  
Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de  
datas 23 ao 30 de xuño de 2022.

## URXENCIAS

### **1.- Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende**

Acórdase:

**Primeiro.-** Dar conta á Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre maio de 2021 e maio de 2022, que supón un incremento relativo do 8,7 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 15 de xuño de 2022 no **importe mensual de 842,35 € mais IVE (1.019,24 €), e importe anual de 12.230,88 € IVE incluído.**

**Segundo.-** Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 978,84 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS.

Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 498,95 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 479,89 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e a Tesourería Central.

### **2.- Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende**

Acórdase:

**Primeiro.-** Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre maio de 2021 e maio de 2022, que supón un incremento relativo do 8,7 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 15 de xuño de 2022 no **importe mensual de 945,53 € mais IVE (1.144,09 €), e importe anual de 13.729,08 € IVE incluído.**

**Segundo.-** Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 1.098,84 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS.

Anualidade 2022 (15/06/2022 ata 31/12/2022): 560,13 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 14/06/2023): 538,71 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e a Tesourería Central.

### **3.- Obras de modificación do Centro de Transformación do SUNP20 da Amanecida – Vidán.**

Acórdase declarar deserto por non terse presentada ningunha oferta o procedemento de adxudicación denominado **Obras de modificación do Centro de Transformación do SUNP20 da Amanecida – Vidán.**